

CIG-Saúde denuncia o bloqueo da Consellería de Sanidade na negociación das condicións de traballo das traballadoras da sanidade pública

Os orzamentos presentados para o 2025 son unha mostra deste bloqueo, **non dan resposta ás necesidades reais** do sistema sanitario público, consolidan un modelo con déficits de profesionais, listas de agarda, tanto en Atención Primaria como Hospitalaria, e incrementan o peso da sanidade privada. E, ca que está caendo, **manteñen a Atención Primaria co 14,70% do orzamento total**, moi lonxe do 25% demandado.



A Consellaría de Sanidade leva meses **sen retomar as mesas de negociación que xa estaban en activo** (seguimento do acordo do 20 de abril de 2023, pacto de contratación, permisos e licencias, plan de ordenación de atención primaria, acordo de urxencias...) **nin abre a posibilidade a negociar ningún dos temas que se aportan.**

O Conselleiro “agradece” a través de correos e de notas de prensa o esforzo das profesionais pero, ao mesmo tempo, **impide que as profesionais melloren as súas condicións de traballo.**

CIG- Saúde esixiu na última Mesa Sectorial un **cronograma sobre as negociacións pendentes e outras, que xa temos solicitado repetidas veces, non menos importantes.**

CIG-Saúde entende que este **bloqueo na negociación** da Consellería de Sanidade, e os **orzamentos** presentados, afectan ás condicións nas que as profesionais da Sanidade Pública prestan os seus servizos á cidadanía.



CONCENTRACIÓN

Consellería de Sanidade, en San Lázaro,
Santiago de Compostela

mércores, 6 de novembro, ás 11:00

PARÁLISE NA NEGOCIACIÓN
+
ORZAMENTOS 2025

CHOVE SOBRE MOLLADO

